

VECIÑAL

Os colectivos alegan ao plan de Vodafone para as súas antenas

X.L. > Moaña

Tanto a Federación de Asociacións Veciñais de Moaña A Chamusca como o colectivo de afectados pola contaminación electromagnética e as asociacións veciñais e ecoloxistas como Luita Verde e APDR presentaron xa ante o Concello as súas alegacións ao plan de implantación de antenas de telefonía móbil que presentou a compañía Vodafone España S.A., tanto en relación as que xa conta como as que quere instalar a maiores. Como xa indicaran nos meses previos, e ao igual que fixeron co procedemento, similar que xa levou acabo Telefónica Móviles, a argumentación centrase no incumprimento do principio de precaución nos equipos que xa existen en Vilela, Daniel Castelao, As Barxas e Domaio, ademais de aludir a pouca claridade que existe na proposta para instalarse en Tiran, Meira, Domaio, A Moureira e Beroucedo.

O extenso texto argumentativo foi elaborado polo avogado Luis Pena, do gabinete Pena & Graña, e ademais de contar con diversas disposicións europeas como anexo, tamén empregou un informe pericial feito pola arquitecta Marta María Barreiro. Unha das cuestións nas que se fai máis fincapé e nas infraestruturas que se atopan instaladas a menos de 20 metros tanto de vivendas, coma de centros educativos. Ademais tamén se quere denunciar que os dispositivos que se queren instalar novos non o fan en superficies axeitadas

Normativas > A alegación establece asimesmo a vulneración que segundo os afectados se fai de diversas leis e normativas como pode ser a de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, que non permite a instalación das antenas en terrenos destas características, algo que se pretende por parte de Vodafone en Domaio, Tiran, Meira e A Moureira. No que respecta as zonas onde se concentra unha maior poboación, como e o caso do barrio de As Barxas ou o Real, aparecen instalacións sen unha clara xustificación técnica.

Como anexos inclúense diferentes textos europeos que apoian as súas teses coma o proxecto Reflex, o informe Bio-iniciativa, así como algúns estudos médicos.